

## **BASES CONCILIA SEMANA SANTA VILAR DE SANTOS 2025**

O obxecto das presentes bases é dotar ó Concello de Vilar de Santos dun campamento como oferta lúdica e de desenvolvemento persoal para os nenos e nenas de infantil e primaria, ó tempo que se pretende ofrecer ós pais e nais unha posibilidade de conciliación real durante o período de Semana Santa.

### **ARTIGO 1. DESTINATARIOS.**

Este servizo está dirixido ás etapas de Educación Infantil e Educación Primaria. Nenos e nenas de 3 a 12 anos de idade.

Terán prioridade absoluta na adxudicación de prazas os nenos e nenas empadroados con a lo menos 6 meses de antigüidade no Concello de Vilar de Santos.

### **ARTIGO 2. SOLICITUDE.**

O **prazo de preinscripción estará aberto ata 04/04/2025** ás 14:00h a través do formulario online habilitado para dita actividade.

Rematado o prazo de preinscripción, publicarase na web do concello <https://www.vilardesantos.gal/> o listado de persoas admitidas e lista de suplentes. Ao ser prazas limitadas terán prioridade os menores empadroados no Concello de Vilar de Santos e, en caso de quedar prazas libres, o criterio de adxudicación será a orde de inscrición.

Os Servizos Sociais do Concello de Vilar de Santos contactarán coas persoas admitidas para que procedan a formalizar a matrícula.

A **matricula** deberá formalizarse ben presencialmente, nas oficinas do Concello de Vilar de Santos, ben a través de correo electrónico: [servizos.sociais@vilardesantos.com](mailto:servizos.sociais@vilardesantos.com) remitindo a este enderezo o formulario de solicitude previamente asinado.

O formulario de solicitude poderá recollerse nas oficinas municipais ou ben descárgalo da páxina web do Concello.

### **ARTIGO 3. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS.**

Terán prioridade absoluta os nenos e nenas empadroados no Concello de Vilar de Santos, a lo menos nos seis meses anteriores a data de inicio da preinscripción.

A adxudicación de prazas levarase a cabo tendo en conta os seguintes criterios:

- Nenos e nenas empadroados no Concello de Vilar de Santos, a lo menos nos seis meses anteriores a data de inicio da preinscripción
- Resto de nenos empradonados no Concello de Vilar de Santos.
- Nenos e nenas con algún proxenitor empadroado no Concello de Vilar de Santos.

- Nenos e nenas con algún familiar de ata segundo grao de afinidade/consanguinidade empadroados no Concello de Vilar de Santos
- Orde de presentación de solicitude.
- Que os dous proxenitores traballen (deberán presentarse contratos de traballo).
- Nivel de renta (para o que se requirirá declaración do IRPF 2023).

Os solicitantes non admitidos en primeira instancia, pasarán a formar parte dunha lista de agarda. Non se contemplarán solicitudes fora do prazo establecido, a excepción de que queden prazas libres. Non serán admitidos os nenos e nenas que non cumpran os requisitos esixidos.

A inscrición para participar no Campamento de Semana Santa 2025 do Concilia Vilar de Santos, presentarase conforme o ANEXO I das presentes bases.

No caso de realizar chamamentos dentro das listas de agarda, seguirase o seguinte criterio: realizaranse un máximo de 3 chamadas telefónicas o número indicado na solicitude, os chamamentos serán realizados entre as 8:30 e as 14:30 horas. De non ter resposta, pasarase ó seguinte da lista.

#### **ARTIGO 4. FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA.**

Unha vez publicado o listados de nenos e nenas admitidos/as, deberán pasar polo Concello para recoller a formalización de matrícula.

A formalización de matrícula e o xustificante de ter realizado o pago do campamento, de ser o caso, debe ser entregado antes do inicio do campamento, e con data límite o 10 de abril de 2025.

#### **ARTIGO 5. HORARIOS E LUGAR DO CAMPAMENTO.**

O campamento terá lugar nas inmediacións da praza do Concello de Vilar de Santos. A recepción dos menores será no Salón de Actos e o tramo de entrega será das 9 ás 10 horas. A recollida realizarase no mesmo lugar entre as 13 e as 14 horas. Debendo ser recollido por un adulto debidamente autorizado. Os nenos e nenas maiores de 10 anos poderán marcharse sós unicamente naqueles casos en que os proxenitores o teñan previamente autorizado por escrito.

O campamento levarase a cabo os días 14,15,16 e 21 de abril de 2025.

#### **ARTIGO 6. PAGAMENTO.**

Establécese un copagamento de 0€ ós/ás nenos/as empadroados/as, 10€ ós/ás nenos/as non empadroados/as.



Para aqueles nenos e nenas que estean suxeitos a copagamento, deberán realizar o pago do importe correspondente, no seguinte número de conta titularidade do Concello de Vilar de Santos: ABANCA – ES13-2080-5303-0131-1001-1605 antes do inicio do mesmo.

ANEXO I  
**FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA  
CONCILIA SEMANA SANTA 2025**

Nome do neno/a	
DNI do neno/a	
Data de nacemento	
Enderezo	
Nome da nai	
DNI da nai	
Teléfono da nai	
Nome do pai	
DNI do pai	
Teléfono do pai	
Correo electrónico	

**FORMA DE PAGO**

(Entregar xustificante bancario con data límite 10/04/2025  
Concepto: Nome e Apelidos do neno/a e período de campamento)  
Ingreso na conta de **ABANCA: ES13-2080-5303-0131-1001-1605**

**IMPORTE: GRATUITO** para Nenos/as empadronados – 10€ Nenos/as Non empadronados

A través do presente autorizo a participación do meu fillo/a menor de idade no programa Concilia Semana Santa 2025 do Concello de Vilar de Santos, en horario de 9:00 a 14:00 horas.

**DATOS MÉDICOS DE INTERESE**

(Engadir informe médico se o considera preciso)

¿Padece algunha enfermidade e/ou limitación física así como calquera INTOLERANCIA ALIMENTARIA, ALERXIA, etc. ?

SI  Indica cal

NON

OBSERVACIÓNS

## AUTORIZACIÓNS

Don/a \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_  
e enderezo \_\_\_\_\_ titor/a legal da/do menor

### ACORDO AS SEGUINTE AUTORIZACIÓNS:

#### CAPTACIÓN DE IMAXES

AUTORIZO                       NON AUTORIZO

Ao Concello de Vilar de Santos e a empresa encargada da execución do programa Concilia Semana Santa 2025, á captación de fotografía, imaxe, vídeo e son das actividades que se poidan levar a cabo durante o Campamento de Semana Santa nos que apareza o meu fillo/a menor.

\* As imaxes, vídeos e sons, destinaranse á súa difusión a través de calquera medio de comunicación audiovisual ou impreso, así como ao arquivo para a súa utilización en campañas de promoción ou calquera tipo de documento que se publique a instancias do Concello de Vilar de Santos tanto en papel como na páxina, web, redes sociais, etc., mantendo sempre a observancia dos dereitos da infancia e sen desvirtuar en ningún caso o seu significado nin tampouco o contexto no que foron captadas.

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, os datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Vilar de Santos. En calquera momento, poderán exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no rexistro xeral do Concello.

#### RECOLLIDA DOS MENORES PARTICIPANTES

Autorizo, baixo a miña responsabilidade, a recoller ao meu fillo, ás seguintes persoas maiores de idade:

D/Dona \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_

D/Dona \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_

D/Dona \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_

Sempre unha vez rematado o día de campamento (horario de recollida: de 13 a 14 horas).

Para os **nenos e nenas de 10 ou mais anos:**

AUTORIZO                       NON AUTORIZO

A que volva só o seu domicilio ás \_\_\_\_\_ horas.

**GRUPO DE WHATSAPP**

AUTORIZO                       NON AUTORIZO

A miña inclusión como nai/pai/titor/a legal no grupo de Whatsapp que se creará exclusivamente para as comunicacións relativas ó programa Concilia Semana Santa Vilar de Santos 2025, co fin de realizar unha comunicación mais áxil e dinámica.

Nome da persoa \_\_\_\_\_

Teléfono \_\_\_\_\_

**EXCURSIÓNS**

**AUTORIZO**                       **NON AUTORIZO**

En Vilar de Santos a \_\_\_\_ de Abril de 2025

Asdo. A nai/pai e/ou titor legal

CONCELLO VILAR DE SANTOS é o Responsable do tratamento dos datos persoais proporcionados baixo o seu consentimento e infórmalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril (GDPR) e na Ley Orgánica 3/2018 de 5 de decembro (LOPDGDD), coa finalidade de exercicio das competencias asumidas por este Concello e manter a relación co administrado. Os datos serán conservados de conformidade coa normativa aplicable, mentres exista un interese público para manter o fin do tratamento, así como para fins estatísticos, e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir a seudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos. Non se comunicarán os datos a terceiros, salvo que fose necesario para a tramitación do procedemento ou por obriga legal. Así mesmo, infórmase que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a CONCELLO VILAR DE SANTOS. Rúa Celanova, 77 - 32650 Vilar de Santos (Ourense). Email: dpo@legalforma.com, así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos.